



Asociación de Altas Capacidades  
de Galicia

**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE  
ALTAS CAPACIDADES DE GALICIA  
(ASAC GALICIA)**

Aprobados en Asemblea Xeral Extraordinaria  
celebrada o día 22 de marzo de 2025

## **Título I**

### **DENOMINACIÓN, NATUREZA, ÁMBITO, DURACIÓN E DOMICILIO**

#### **Artigo 1. Denominación e normativa reitora.**

1. A Asociación de Altas Capacidades de Galicia (en diante ASAC Galicia), é unha asociación sen ánimo de lucro, autónoma, independente, e que agrupa:
  - a) pais, nais, titores de nenas e nenos con altas capacidades intelectuais.
  - b) profesionais que desenvolvan o seu traballo no campo da atención a persoas con altas capacidades.
  - c) persoas con altas capacidades intelectuais.
2. Para ese efecto, considérase persoa con alta capacidade intelectual, aquela persoa precoz no eido cognitivo, a persoa talentosa nun (talento simple) ou en varios eidos cognitivos (talento múltiple, talento complexo ou talento conglomerado) e a persoa superdotada. Para acadar unha adecuada identificación destas persoas, é necesario a administración de probas de avaliación actualizadas nos eidos cognitivos e creativo. Tamén resulta clave incluír nos procesos de avaliación, probas complementarias, para determinar as necesidades concretas de cada persoa con altas capacidades intelectuais con respecto ao seu desenvolvemento emocional, social, executivo e motivacional, e para determinar a presenza ou non, doutras necesidades específicas de apoio educativo no caso dos nenos e nenas, ou sobreexcitabilidades, no caso de dobre excepcionalidade.
3. ASAC Galicia acordou, en Asemblea Xeral Extraordinaria, que a asociación pase a rexerse por estes Estatutos, segundo o disposto na Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións e pola lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.
4. Non serán válidos e consideraranse nulos os acordos ou resolucións dos órganos sociais de ASAC Galicia que estivesen en contradición coas prescricións destes Estatutos ou en contra da lexislación vixente.

#### **Artigo 2. Natureza e capacidade.**

1. ASAC Galicia ten personalidade xurídica e capacidade de obrar plenas.
2. ASAC Galicia poderá promover e asumir os procedementos que sexan oportunos e exercer os dereitos e accións que lle correspondan perante calquera autoridade, organismo e xurisdición.
3. ASAC Galicia posúe a capacidade precisa para realizar os actos e contratos encamiñados ao cumprimento dos seus fins.
4. ASAC Galicia poderá adherirse, federarse ou asociarse con outras entidades nacionais e estranxeiras de altas capacidades, e tamén participar en calquera outra.

#### **Artigo 3. Ámbito, duración e lingua.**

1. ASAC Galicia terá como ámbito de actuación o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, desenvolvendo preferentemente as súas actividades no devandito territorio, que coincide coa área xeográfica que abrangue as catro provincias galegas; no seu caso, poderá establecer no futuro delegacións provinciais.
2. ASAC Galicia constitúese por tempo indefinido.

3. A lingua oficial da Asociación é a lingua galega, sen prexuízo de utilizar o castelán, nos casos nos que legalmente se esixa.

**Artigo 4. Domicilio.**

1. ASAC Galicia fixa o seu domicilio en Santiago de Compostela, establecendo como sede a Rúa Tambre nº 17 baixo, 15705, Santiago de Compostela.
2. A Xunta Directiva de ASAC Galicia poderá establecer delegacións en localidades distintas ás do domicilio social cando o desenvolvemento da súa actividade así o esixa.

## **Título II**

### **DOS FINS**

**Artigo 5. Fins.**

1. Os fins de ASAC Galicia son:
  - a) Promover unha educación axeitada para as persoas con altas capacidades.
  - b) Favorecer unha formación adecuada para pais, nais, titores, educadores e outros profesionais vinculados coas altas capacidades, para unha mellor comprensión e tratamento das persoas con altas capacidades.
  - c) Potenciar a investigación en altas capacidades.
  - d) Procurar a integración das persoas con altas capacidades no seu entorno social.
  - e) Promover unha versión realista das altas capacidades coherente cos coñecementos científicos sobre esta materia e afastada de estereotipos, así como o relativo a visibilizar as altas capacidades, as súas posibles dificultades e necesidades específicas en todos os ámbitos.
2. ASAC Galicia poderá realizar todas as actividades que considere necesarias para lograr os seus fins, entre outras:
  - a) Recadar o asesoramento dos profesionais relacionados coa educación das persoas dotadas de altas capacidades.
  - b) Actuar como interlocutor perante aqueles organismos dos que dependan as actuacións en altas capacidades.
  - c) Realizar reunións entre as asociadas e os asociados e facer posible a asistencia de representantes da Asociación a cursos, seminarios, congresos, etc., que se ocupen da educación de persoas de altas capacidades.
  - d) Procurar a colaboración con entidades públicas e privadas que teñan intereses comúns.
  - e) Obter os fondos que posibiliten a educación e desenvolvemento das nenas e dos nenos con altas capacidades.
  - f) Integrarse e participar coas institucións e asociacións existentes que teñan entre os seus obxectivos o fomento da atención á diversidade.
  - g) Realizar cursos, seminarios, xornadas, conferencias, ou calquera outra actividade formativa dirixida a profesionais, docentes, ou a calquera persoa interesada.
  - h) Organizar exposicións, talleres (de artes plásticas, escénicas ...), actuacións (musicais, teatro ...), viaxes culturais, ou calquera outra actividade cultural.
  - i) Editar todo tipo de publicacións en calquera soporte ou formato.
  - j) Fomentar a práctica deportiva, con actividades de creación e formación de equipos que participen en competicións federadas.

## **Título III**

### **DAS SOCIAS E OS SOCIOS**

#### **Artigo 6. Contémplanse as seguintes socias e socios de ASAC:**

- a) Socias e socios ordinarios: as nais, pais e titores legais de nenas e nenos con altas capacidades, as persoas maiores de idade con altas capacidades e as nenas e nenos con altas capacidades.
- b) Socias e socios de mérito: aquelas persoas que polas súas investigacións e traballos recoñecidos no ámbito das altas capacidades, ou pola súa relación e colaboración con ASAC Galicia, se consideren merecentes desta distinción.
- c) Socias e socios colaboradores ou protectores: Serán socias e socios colaboradores ou protectores aquelas persoas ou entidades que colaboran económica ou materialmente axudando de xeito destacado no desenvolvemento dos fins de ASAC Galicia a xuízo da Asemblea Xeral. Tamén poderán ser socias e socios colaboradores ou protectores os profesionais que desenvolvan labor docente, investigador ou de intervención no ámbito das altas capacidades.

#### **Artigo 7. Requisitos e procedemento para a adquisición da condición de socia e socio.**

1. Poderán pertencer a ASAC Galicia todas as nais, pais e titores legais de nenas e nenos con altas capacidades, as persoas maiores de idade con altas capacidades e as nenas e nenos con altas capacidades. Esta condición haberá de ser acreditada mediante informes realizados por profesionais, públicos ou privados, habilitados a tal efecto.
2. O ingreso en ASAC Galicia terá carácter voluntario.
3. Para adquirir a condición de socia ou socio ordinario será necesario solicitalo mediante escrito dirixido a ASAC Galicia, asumindo explicitamente o cumprimento das disposicións estatutarias que a rexen.
4. Adquírese a condición de socia ou socio no momento en que se recibe a comunicación da mesma dende a Asociación.
5. A admisión dunha socia ou socio, será acordada pola Xunta Directiva, que poderá denegala mediante resolución debidamente motivada. En todos os casos, a Xunta Directiva estará asesorada polo Equipo Técnico, que será o encargado de verificar que se dan as condicións e requisitos que se esixen nestes Estatutos para adquirir a condición de socio.
6. No caso de socias e socios de mérito, colaboradores ou protectores, seguirase o seguinte procedemento:
  - a) Aprobación pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.
  - b) Aceptación da interesada ou interesado.
7. ASAC Galicia levará un Rexistro de socias e socios no que figurarán todos as socias e socios pertencentes á entidade e no que se anotarán as altas e as baixas que se produzan.

#### **Artigo 8. Dereitos e deberes das socias e socios.**

1. Son dereitos das socias e socios:
  - a) Decidir sobre os asuntos de ASAC Galicia, tomando parte nas Asembleas, reunións ou actos para os que sexan convocados, con dereito a voz e voto.
  - b) Ser elector e elixible como membro da Xunta Directiva.
  - c) Exercer e servir os cargos para os que sexan elixidos ou designados.
  - d) Coñecer a marcha económica de ASAC Galicia e examinar a contabilidade, dereito que terá que ser exercido por medio de escrito dirixido ao Presidente.

- e) Solicitar por escrito a inclusión na orde do día da Asemblea Xeral dos asuntos que estime oportunos, cumprindo os prazos e requisitos que máis adiante se establecen.
  - f) Coñecer os acordos adoptados pola Asemblea Xeral e a Xunta Directiva de ASAC Galicia.
  - g) A confidencialidade en relación cos datos que facilite a ASAC Galicia.
  - h) Obter o texto íntegro dos Estatutos e Regulamentos que desenvolvan o contido dos Estatutos.
  - i) Son dereitos das socias e socios de mérito ademais dos incluídos nos epígrafes d) e seguintes do apartado 1 deste artigo, asistir ás Asembleas Xerais con voz, pero sen voto.
  - j) As asociadas e asociados colaboradores ou protectores non poden intervir na dirección de ASAC Galicia nin nos seus órganos de representación, pero están facultados para asistir ás Asembleas Xerais con voz, pero sen voto.
  - k) As asociadas e asociados menores de idade non poden intervir na dirección de ASAC Galicia nin nos seus órganos de representación, pero están facultados para asistir ás Asembleas Xerais con voz, pero sen voto.
2. Son deberes das socias e socios:
- a) Contribuír ao financiamento de ASAC Galicia mediante a satisfacción das achegas que lles sexan esixibles conforme aos compromisos que subscribisen e aqueloutros que aprobase a Asemblea Xeral, así como abonar os servizos non incluídos nas cotas xerais que demandase.
  - b) Cumprir estes Estatutos e os acordos adoptados polos órganos sociais de ASAC Galicia.
  - c) Absterse de calquera actuación, práctica ou conduta que impida o normal funcionamento de ASAC Galicia.

#### **Artigo 9. Perda da condición de socia e socio.**

- 1. Son causa de baixa en ASAC Galicia:
  - a) A renuncia voluntaria solicitada por escrito á Xunta Directiva.
  - b) A expulsión por incumprimento dos Estatutos ou dos acordos dos órganos sociais.
  - c) A demora no pagamento das cotas de socia ou socio sen xustificación válida.
- 2. No primeiro suposto a), a baixa será automática, nos outros dous (b e c), será por acordo da Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva. Na instrución do expediente correspondente darase audiencia á interesada ou interesado.
- 3. A socia e socio que deixase de pertencer a ASAC Galicia, calquera que fose a causa, atoparase suxeito ao cumprimento ou cancelación dos compromisos e obrigas que tivese contraídos no momento da súa baixa.

## **Título IV**

### **DOS ÓRGANOS SOCIAIS DE ASAC GALICIA**

#### **Artigo 10. Órganos sociais de ASAC Galicia.**

- 1. A Asemblea Xeral de socias e socios, integrada pola totalidade das socias e socios.
- 2. A Xunta Directiva, que estará constituída pola Presidenta ou Presidente de ASAC Galicia, unha Vicepresidenta ou Vicepresidente, unha Secretaria ou Secretario, unha Vicesecretaria ou Vicesecretario, unha Tesoureira ou Tesoureiro, unha Vicetesoureira ou Vicetesoureiro, e as/os Vogais.
- 3. Equipo Técnico é o órgano que asesorará en cuestións técnicas á Xunta Directiva. Estará constituído por profesionais de recoñecido prestixio no ámbito das altas capacidades intelectuais.

**Artigo 11. Duración dos cargos.**

1. Os cargos electivos dos órganos terán unha vixencia de dous anos.
2. A cobertura das vacantes que poidan producirse na Xunta Directiva, realizarase a través de eleccións para membros da Xunta Directiva, convocadas pola Presidenta ou Presidente, para garantir o normal funcionamento da Xunta Directiva.
3. Os cargos directivos poden causar baixa por renuncia voluntaria comunicada á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas que tivesen encomendadas ou polo remate do seu mandato.

**Artigo 12. Cesamento nos órganos sociais.**

A condición de membro dun órgano social de ASAC Galicia perderase por:

- a) Causar baixa como socia ou socio.
- b) Deixar de cumprir os requisitos esixidos para desempeñar a calidade de socia ou socio.
- c) Non cumprir as condicións esixidas para acceder aos órganos sociais.

**Artigo 13. Moción de censura á Xunta Directiva.**

Os asociados poderán exixir a responsabilidade da Xunta Directiva mediante a presentación dunha moción de censura, que deberá ser proposta como mínimo por un 15% dos asociados. O Procedemento da moción de censura será o seguinte:

- a) A moción de censura presentarase á asociación mediante escrito no que se indicará a vontade de promover a moción contra a Xunta Directiva existente, uníndose unha relación do 15% dos socios que dan soporte á moción, relacionando os seus datos, número de asociado e firma.
- b) A Xunta Directiva, tras comprobar que a moción de censura reúne os requisitos sinalados, admitirá a trámite e convocará eleccións nun prazo máximo dun mes dende a súa data de admisión. No caso contrario, indicará por escrito aos promotores dos defectos observados, dándolles un prazo de dez días naturais para emendalos, con apercibimento de arquivo da moción.
- c) As mocions de censura poderán ser retiradas en calquera momento polos seus propoñentes.

**Artigo 14. A Asemblea Xeral.**

1. A Asemblea é o órgano supremo de ASAC Galicia e radica nela a soberanía da asociación, por ser a expresión directa da vontade das socias e socios.
2. Poderá tomar todas as decisións que estime convenientes para a boa marcha da asociación, entre outras:
  - a) Elixir aos membros da Xunta Directiva.
  - b) Intervir, do xeito que corresponda, nos asuntos de ASAC Galicia.
  - c) Acordar as decisións que considere convenientes para a boa marcha de ASAC Galicia.
  - d) Con periodicidade anual examinar e aprobar ou censurar o orzamento e as contas de ASAC Galicia.
  - e) Aprobar, se procede, a acta da Asemblea Xeral anterior.
  - f) Resolver sobre as cuestións e propostas que lle presente a Xunta Directiva.
  - g) Aprobar as modificacións estatutarias.
  - h) Ratificar a adhesión, federación ou asociación con outras entidades.
  - i) Acordar a integración, fusión ou disolución de ASAC Galicia.
  - j) Modificar o regulamento de réxime interno.

**Artigo 15. Clases e convocatoria da Asemblea Xeral.**

1. As reunións da Asemblea Xeral poderán ser ordinarias ou extraordinarias.
2. A Asemblea Xeral Ordinaria celebrarase unha vez ao ano, convocándose no mes de marzo de cada exercicio.
3. Celebrarase Asemblea Xeral Extraordinaria por acordo da Xunta Directiva, ou por solicitalo, cando menos o 25% das socias e socios, que acompañarán á solicitude de Asemblea a orde do día. O prazo de convocatoria non poderá ser superior a un mes a partir da adopción do acordo ou da recepción da solicitude da convocatoria.
4. A Asemblea Xeral, calquera que sexa o seu carácter, só poderá tratar aquelas cuestións previstas e incluídas na orde do día.
5. A convocatoria da Asemblea Xeral Ordinaria faraa o Presidente cunha antelación mínima de quince días e indicará como mínimo, a data, hora e lugar da reunión, se é a primeira ou a segunda convocatoria, entre as cales deberá mediar un intervalo de tempo mínimo de media hora, e expresará con claridade e precisión os asuntos que compoñen a orde do día.
6. O contido mínimo da orde do día da Asemblea Xeral Ordinaria será: orzamento anual, rendemento de contas do último exercicio e memoria de actividades do exercicio anterior.
7. A proposta de inclusión de asuntos na orde do día por parte das socias e socios, tal como reza o artigo 8.1 apartado e) dos dereitos e deberes das socias e socios, será realizada cunha antelación mínima de 10 días á celebración da Asemblea Xeral Ordinaria correspondente, e virá avalada pola sinatura dun mínimo do 5% dos socios.
8. A convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria faraa o Presidente cunha antelación mínima de sete días e indicará como mínimo, a data, hora e lugar da reunión, se é a primeira ou a segunda convocatoria, entre as cales deberá mediar un intervalo de tempo mínimo de media hora, e expresará con claridade e precisión os asuntos que compoñen a orde do día.

#### **Artigo 16. Da Asemblea Xeral.**

1. A Asemblea Xeral quedará validamente constituída cando concorran na primeira convocatoria a maioría das socias ou socios e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de socias ou socios presentes. De non existir quórum suficiente na primeira convocatoria, poderá celebrarse a segunda, media hora despois da hora sinalada para a primeira. As dúas convocatorias poderán ser anunciadas simultaneamente.
2. Todos os socios teñen dereito a un voto, que poderán exercer persoalmente ou por medio de representante. Enténdese como socio a unha unidade familiar. Neste último caso, a representación deberá ser acreditada perante a mesa por escrito con carácter previo á celebración da Asemblea e deberá ser conferida a outra socia ou socio, que só poderá desempeñar unha única representación.
3. Os acordos adoptaranse por maioría simple de votos das socias e socios presentes e representados, exceptúanse os supostos que esixan outras maiorías.
4. Todos os acordos vincularán a todas as socias e socios, incluídos os membros ausentes e os disidentes, sen prexuízo dos dereitos de impugnación recoñecidos polas leis.
5. De cada sesión que celebre a Asemblea Xeral levantarase acta subscrita pola Secretaria ou Secretario co visto bo da Presidenta ou Presidente, que especificará necesariamente o número de asistentes, a Orde do Día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.
6. Na acta figurará, no seu caso, o voto contrario ao acordo adoptado. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta e uníndose copia a esta.
7. As socias e socios que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito, nun prazo máximo de 48 horas da celebración da Asemblea Xeral, que se incorporará ao texto aprobado.

8. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión podendo, mentres tanto emitir a Secretaria ou Secretario, certificación sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da posterior aprobación da acta.
9. Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente esta circunstancia.
10. As votacións poderán ser realizadas a man erguida, por votación nominal, por votación secreta e por asentimento unánime.
11. Será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes (2/3) das socias e socios presentes, para tomar acordos en Asemblea Xeral Extraordinaria dos seguintes casos:
  - a) Disposición, alleamento e gravame dos bens sociais.
  - b) Cesamento da Xunta Directiva.
  - c) Modificación dos Estatutos.
  - d) Disolución de ASAC Galicia.

#### **Artigo 17. Asembleas e votacións virtuais.**

1. Establécese a posibilidade de celebrar Asembleas por videoconferencia, sempre que se asegure a autenticidade e a conexión multilateral en tempo real con imaxe e son dos asistentes en remoto. Entenderase que as reunións das Asembleas celebráronse no domicilio da sede da entidade.
2. Para garantir a correcta participación, deberá acreditarse a votación dos acordos, tendo en conta que todos os membros dos órganos de goberno teñen o dereito e deber de participar, e tamén o de votar dunha forma fiable e recoñecida.
3. Establécese a posibilidade de celebrar reunións da Xunta Directiva por videoconferencia, sempre que se asegure a autenticidade e a conexión multilateral en tempo real con imaxe e son dos asistentes en remoto. Entenderase que as reunións da Xunta Directiva celebráronse no domicilio da sede da entidade.
4. As regras relativas ás reunións non presenciais serán igualmente aplicables ás sesións mixtas dos órganos de goberno, é dicir, a aquelas sesións nas que se permita a presenza física e virtual dos socios ou os seus apoderados.

#### **Artigo 18. A Xunta Directiva.**

1. A Xunta Directiva é o órgano que ten ao seu cargo o goberno, xestión e administración de ASAC.
2. A Xunta Directiva estará composta pola Presidenta ou Presidente, unha Vicepresidenta ou Vicepresidente, unha Secretaria ou Secretario, unha Vicesecretaria ou Vicesecretario, unha Tesoureira ou Tesoureiro, unha Vicetesoureira ou Vicetesoureiro, e as/os Vogais.
3. A Xunta Directiva ten as seguintes competencias e obrigas:
  - a) Cumprir e facer cumprir as disposicións contidas nestes Estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos sociais de ASAC Galicia.
  - b) Resolver os procedementos de adquisición e perda da condición de socia e socio.
  - c) Elaborar e presentar á aprobación da Asemblea Xeral os orzamentos anuais, así como a memoria e contas de ASAC Galicia.
  - d) Someter á Asemblea Xeral cantas propostas considere convenientes.
  - e) Designar os representantes de ASAC Galicia ante calquera outra organización similar e organismos públicos ou privados.
  - f) Instruír os expedientes disciplinarios.
  - g) Aprobar os actos e contratos e exercitar os dereitos e accións que non estean expresamente reservados á Asemblea Xeral.
  - h) Aprobar as achegas de ASAC Galicia a outras entidades.

4. A Xunta Directiva reunirse cando menos unha vez ao trimestre, previa convocatoria da Presidenta ou Presidente e sempre que o solicite como mínimo a metade máis un dos seus compoñentes.

#### **Artigo 19. Funcionamento da Xunta Directiva.**

1. Para a válida constitución deste órgano, para os efectos de celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza da Presidenta ou Presidente ou, no seu caso, de quen o substitúa, e da metade como mínimo, dos seus membros.
2. Os acordos serán adoptados por maioría de votos e documentaranse na correspondente acta de cada sesión.
3. Correspóndelles aos membros da Xunta Directiva:
  - a) Recibir información sobre os temas que se vaian a tratar na sesión.
  - b) Participar nos debates das sesións.
  - c) Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
  - d) Formular rogos e preguntas.
  - e) Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.
  - f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.
4. Os membros da Xunta Directiva non poderán atribuírse as funcións de representación recoñecidas a esta, salvo que expresamente lles fosen outorgadas por unha norma ou por acordo validamente adoptado, para cada caso concreto, polo propio órgano.

#### **Artigo 20. Da Presidenta ou Presidente.**

1. Na Presidenta ou Presidente concorre a alta representación de ASAC Galicia.
2. Correspóndelle a Presidenta ou Presidente:
  - a) Representar a ASAC Galicia en todos os actos e contratos que se celebren, así como ante as autoridades, departamentos da administración, tribunais, entidades privadas e persoas individuais.
  - b) Convocar as reunións da Asemblea Xeral e Xunta Directiva, abrir, pechar e presidir sesións, así como moderar o desenvolvemento dos debates e, no seu caso, suspendelos cando concorra causa debidamente xustificada, de calquera dos órganos sociais de ASAC Galicia.
  - c) Cumprir e facer cumprir estes Estatutos, os acordos validamente adoptados, as normas legais e regulamentarias.
  - d) Levar a sinatura social.
  - e) Ordenar os gastos e autorizar os pagamentos nos casos en que esta facultade non estea expresamente atribuída a outro órgano directivo de ASAC Galicia.
  - f) Outorgar e revogar, de conformidade coa Xunta Directiva, os poderes precisos para seguir procedementos e exercitar dereitos e accións.
  - g) Visar as actas e os certificados dos acordos dos órganos sociais.
  - h) Abrir, seguir, liquidar e cancelar toda clase de contas correntes e de aforro en bancos, caixas de aforro e entidades de crédito públicas e privadas.

#### **Artigo 21. Dos outros membros de Xunta Directiva.**

1. Correspóndelle á Vicepresidenta ou Vicepresidente:
  - a) Substituír á Presidenta ou Presidente en todos aqueles casos de ausencia ou imposibilidade.
  - b) Poderá exercer as funcións de representación de ASAC Galicia que lle sexan conferidas por delegación expresa da Presidenta ou Presidente.
2. Correspóndelle á Secretaria ou Secretario:

- a) Ser o depositario dos libros de actas de ASAC Galicia, o arquivo, o libro de rexistro das asociadas e asociados, así como calquera outra documentación.
  - b) Asistir e levantar acta de todas as reunións da Asemblea e da Xunta Directiva, e certificar o seu contido.
  - c) Redactar as actas da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, autorizándoas coa súa sinatura e o visto bo da Presidenta ou Presidente e coidando da súa custodia.
  - d) Executar as convocatorias para as reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva por orde da Presidenta ou Presidente.
3. Correspóndelle á Vicesecretaria ou Vicesecretario:
- a) Exercer de axuda e apoio á Secretaria ou Secretario nas súas funcións.
  - b) Substituír á Secretaria ou Secretario nas súas funcións cando sexa necesario.
4. Correspóndelle á Tesoureira ou Tesoureiro:
- a) Ser depositario dos libros correspondentes.
  - b) Preparar os documentos contables que sexan necesarios ou pertinentes.
  - c) Asinar conxuntamente coa Presidenta ou Presidente ou Vicepresidenta ou Vicepresidente nos casos de substitución, cheques e ordes de pagamento librados contra as contas de ASAC Galicia.
  - d) Verificar os ingresos e pagamentos.
  - e) Realizar os inventarios e balances de situación.
5. Correspóndelle á Vicetesoureira ou Vicetesoureiro:
- a) Exercer de axuda e apoio á Tesoureira ou Tesoureiro nas súas funcións.
  - b) Substituír á Tesoureira ou Tesoureiro nas súas funcións cando sexa necesario.
6. Correspóndelles ás/aos Vogais:
- a) Axudarlle á Presidenta ou Presidente nas relacións externas con organismos públicos e privados e na marcha xeral de ASAC Galicia.
  - b) Informar á Xunta Directiva das actuacións e xestións que se lles encomenden.

#### **Artigo 22. Equipo Técnico.**

1. O Equipo Técnico é o órgano que asesora en cuestións técnicas á Xunta Directiva e á Asemblea Xeral.
2. Correspóndelle ao Equipo Técnico:
  - a) Informar e asesorar á Xunta Directiva sobre a identificación e diagnóstico dos suxeitos de altas capacidades que desexen ingresar en ASAC Galicia.
  - b) Asesorar sobre temas de altas capacidades aos órganos sociais de ASAC Galicia.
  - c) Representar a nivel técnico a ASAC Galicia nas actividades nas que tome parte.

## **Título V DO RÉXIME ECONÓMICO**

#### **Artigo 23. Patrimonio e recursos de ASAC Galicia.**

1. ASAC Galicia carece de patrimonio fundacional. O patrimonio de ASAC Galicia está integrado por toda clase de bens, dereitos, accións e participacións, sen máis limitacións que as establecidas polas leis. É obriga da Xunta Directiva actualizar periodicamente o inventario do patrimonio e facer un adecuado traslado do mesmo nos relevos que se produzan.
2. Os recursos económicos de ASAC Galicia procederán de:
  - a) As cotas e as achegas das socias e socios.
  - b) Os rendementos dos servizos prestados por ASAC Galicia, tales como cursos, congresos, seminarios, xornadas, actividades, edición e venda de publicacións.
  - c) Os xerados por estudos e proxectos de investigación e de cooperación.

- d) As axudas, subvencións e doazóns.
- e) Os produtos e dereitos derivados do seu patrimonio.
- f) Calquera outro que se axuste á legalidade.

**Artigo 24. Regulación das cotas.**

A Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva, fixará as cotas, as súas escalas os módulos de regulación e o sistema de facelas efectivas.

**Artigo 25. Orzamento e exercicio económico.**

O orzamento anual será fixado pola Asemblea Xeral Ordinaria a proposta da Xunta Directiva. O exercicio económico comezará o 1 de xaneiro e rematará o 31 de decembro de cada ano.

**Artigo 26. Responsabilidade de ASAC Galicia e das socias e socios.**

1. A responsabilidade de ASAC Galicia para todos os efectos, e especialmente nas súas relacións con terceiros por razón das operacións con eles concertadas, quedará limitada ao importe que en cada momento constitúa o patrimonio de ASAC Galicia .
2. A responsabilidade das socias e socios limitarase ao valor das garantías que comprometése especificamente ou ás que estivesen obrigados conforme a estes Estatutos e os acordos validamente adoptados.

## **Título VI**

### **DO PROCEDEMENTO ELECTORAL**

**Artigo 27. Sistema de votación.**

A Xunta Directiva será elixida mediante sufraxio universal, libre e secreto das socias e dos socios con dereito a voto. Emitirase un voto por unidade familiar.

**Artigo 28. Causas da convocatoria de proceso electoral.**

A elección dos membros da Xunta Directiva terá lugar nos seguintes supostos:

- a) Por expiración do mandato, que terá unha duración de 2 anos.
- b) Por dimisión, renuncia, falecemento ou incapacidade física de mais do 50% dos membros da Xunta Directiva, de tal forma que non se poidan exercer debidamente as súas funcións.
- c) Por moción de censura á Presidenta ou Presidente e/ou á Xunta Directiva.
- d) Por vacantes producidas nos membros da Xunta Directiva.

Se cesase a Presidenta ou o Presidente con anterioridade á duración do seu mandato, por dimisión, renuncia, falecemento, incapacidade física ou incompatibilidade, o substituirá a Vicepresidenta ou Vicepresidente, ou o membro da Xunta Directiva que os membros do órgano de representación elixan en sufraxio, durante o tempo que reste ata a conclusión do mandato ou ata a realización de novas eleccións.

**Artigo 29. Elixibilidade das candidatas e candidatos.**

Para ser elixible hai que reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser socia ou socio ordinario ou de número.
- b) Estar ao día no pagamento das cotas ordinarias.

- c) Non estar inhabilitada/o por acordo, resolución ou sentenza de órgano competente, dos que derive a suspensión e inhabilitación para o exercicio de cargo representativo.

**Artigo 30. Requisitos para exercer o dereito a voto.**

Emitirase un voto por unidade familiar, e deberá cumprir os seguintes requisitos.

- a) Estar ao día no pagamento das cotas ordinarias.
- b) Non estar inhabilitada/o para o exercicio deste dereito por norma legal, estatutaria ou resolución firme de órgano competente.
- c) Estar incluído na listaxe electoral actualizada.

**Artigo 31. Convocatoria de eleccións á Xunta Directiva.**

As eleccións a cargos da Xunta Directiva serán convocadas pola Presidenta ou Presidente con dous meses de antelación á data de celebración da respectiva elección, e procederase a anunciar a todas as socias e socios a convocatoria de eleccións para cargos da Xunta Directiva, abrindo tamén o prazo de presentación de candidaturas.

Os membros da Xunta Directiva serán elixidos pola Asemblea Xeral. Na circular de notificación da Convocatoria á Asemblea Xeral, incluírase un punto na orde do día que indique: - Eleccións de membros da Xunta Directiva, especificando data e hora da convocatoria na notificación, así como información do número de membros elixibles para a Xunta Directiva.

**Artigo 32. Comité Electoral.**

Ao inicio do período electoral a Xunta Directiva constituirá un Comité Electoral que velará polo cumprimento da normativa electoral, supervisará a listaxe electoral e resolverá os posibles recursos que se produzan en relación co proceso. Estará formado por tres persoas, elixindo entre elas unha Presidenta ou Presidente, podendo formar parte desta Comisión calquera socia ou socio que non se presente como candidata ou candidato.

O Comité Electoral ten asignadas as seguintes competencias:

- a) Presentar as candidaturas antes de iniciar as votacións.
- b) Comprobar a identidade dos votantes.
- c) Recoller as papeletas de voto e depositalas na urna.
- d) Proceder ao recuento de votos.
- e) Levantar e firmar a acta da sesión, onde constarán as candidatas e candidatos presentados, os votos emitidos, os resultados, e as incidencias e reclamacións si houbera, facendo constar o número de votos obtidos por cada candidato/a.
- f) Anunciar as candidatas e candidatos elixidos á Asemblea Xeral que os proclamará como nova Xunta Directiva e Órgano de Representación.

**Artigo 33. Candidaturas.**

As candidaturas a membro da Xunta Directiva serán persoais, é dicir individuais, e deberán presentarse ao Comité Electoral no prazo máximo de 30 días a contar dende o día en que se comunicou o acordo de convocatoria de eleccións. Este prazo poderá ser modificado, pero neste caso, deberá constar expresamente no acordo de convocatoria de eleccións. O Comité Electoral comprobará que as socias e socios que se presentan sexan elixibles segundo o censo electoral, que coincidan nome e apelidos e DNI, e conste o seu número de socia ou socio, co fin de que cumpran todos os requisitos aquí indicados, caso contrario pedirase que se emenden en tempo e forma, ou non serán admitidas.

Nas candidaturas para formar parte da Xunta Directiva, non se especificará cargo ningún ao que se opta. As candidaturas terán a posibilidade de cubrir unha ficha de presentación co seguinte formato: nome e apelidos, foto, antigüidade en ASAC Galicia e texto de 1.000 caracteres onde se poderá expoñer vinculación con outras candidaturas.

#### **Artigo 34. Listaxe de candidatas e candidatos.**

Unha vez finalizado o prazo de recepción de candidaturas, a proclamación das candidatas e candidatos se efectuará polo Comité Electoral dentro das corenta e oito horas seguintes á finalización do prazo de presentación, e a Xunta Directiva enviará esa listaxe de candidatas e candidatos proclamados, xunto coa relación de fichas de presentación, a todas as socias e socios cunha antelación mínima de dez días ao fixado para a celebración das eleccións.

No suposto de que o número de candidaturas sexa igual ou inferior ao número de vacantes de membros de Xunta Directiva ofertadas, non será preciso realizar o procedemento das votacións, proclamando directamente a Asemblea Xeral a nova composición da Xunta Directiva.

#### **Artigo 35. Procedemento votacións.**

No día das eleccións, o Comité Electoral constituirase como Mesa Electoral, habilitando unha urna onde depositar as papeletas que todas as socias e socios terán a súa disposición.

A votación é secreta. Para a elección empregarase unha papeleta única onde figurará o nome de todas as candidatas e candidatos que se presentan. As socias e socios electores marcarán cunha X, no lugar indicado da papeleta, as candidatas e candidatos elixidos ata un máximo de nomes establecidos, dependendo do número de membros da xunta directiva elixibles. Será nulo o voto emitido en papeleta diferente ao modelo facilitado, ou aquelas que conteñan riscadas, raspaduras ou similares anomalías. Os votantes deberán acreditar a súa identidade no momento da votación.

#### **Artigo 36. Formas de votación.**

Establécense as seguintes formas de votación nun proceso electoral:

- a) Presencialmente, segundo o recollido no artigo 35.
- b) Voto por correo. Poderase exercer voto por correo, sempre que se cumpran as instrucións recollidas nestes Estatutos. A persoa asociada, deberá introducir unha única papeleta electoral nun sobre branco pechado, sen indicación algunha da súa identidade; este sobre xunto coa fotocopia do DNI (que debe levar a data e firma da persoa que emite o voto), meterase noutro sobre con remite que debe ser enviado por correo certificado á sede da Asociación. Serán admitidos como válidos os votos por correo recibidos no domicilio social ata as 12:00 horas de dous días hábiles antes do inicio da xornada electoral, sempre que os votos recibidos cumpran os requisitos destes Estatutos.
- c) Delegación de voto. As socias e os socios con dereito a voto que consten no censo electoral poderán delegar o seu voto por escrito coa súa firma e unha copia do seu DNI, e que a mesa electoral comprobará a súa autenticidade, a favor doutra socia ou socio para que este exerza no seu nome o voto, cun límite de tres delegacións de voto presentados por socia ou socio asistente.
- d) Por medios telemáticos. Naqueles casos acordados pola Xunta Directiva, as socias e socios poderán votar por medios telemáticos, sempre que as condicións técnicas permitan realizar dita votación dun xeito totalmente fiable, recoñecible e orzamentariamente asumible pola asociación. No caso de ser posible a votación telemática, deberán seguirse os procedementos previamente definidos pola Xunta Directiva, quen informará ás socias e socios da

posibilidade e forma do exercicio de voto telemático. O voto só se poderá emitir durante o período determinado pola Xunta.

O exercicio das diferentes modalidades de voto son excluíntes entre si; o exercicio do voto electrónico exclúe o dereito a facelo presencialmente.

### **Artigo 37. Escrutinio e resultado da votación.**

Ao rematar as eleccións, o Presidente da Mesa Electoral, abrirá a urna publicamente e realizará en voz alta o escrutinio de cada unha das papeletas. Tras o reconto, proclamarase de viva voz o resultado diante da Asemblea, e levantarase acta do escrutinio que deben firmar todos os membros da Mesa electoral, na que se recollerá o número de papeletas entregadas e o número de votos obtidos por cada unha das candidatas e dos candidatos, publicando os resultados da votación.

Serán elixidos os candidatos/as que obteñan máis votos. No caso de empate, resultará electa a socia ou o socio con maior antigüidade na Asociación. No caso de que se presentasen un número menor de candidatos/as requiridos, entenderase validamente constituída a Xunta Directiva cando a integren un número mínimo de 7 candidatos/as. A Xunta Directiva estará formada en todo caso, por un máximo de 13 membros.

Asumirá provisionalmente a presidencia da Xunta Directiva, a candidata ou o candidato con máis votos da listaxe ata a constitución formal da Xunta. Para esta constitución formal, as candidatas e candidatos electos pola Asemblea, reuniranse posteriormente e farán o reparto dos cargos directivos da Xunta, que deberá estar formada por unha Presidenta ou Presidente, unha Vicepresidenta ou Vicepresidente, unha Tesoureira ou Tesoureiro, unha Vicesoureira ou Vicesoureiro, unha Secretaria ou Secretario, unha Vicesecretaria ou Vicesecretario e un vogal como mínimo. No caso de non haber consenso, realizarase este reparto por sufraxio.

### **Artigo 38. Acta e certificación da Asemblea.**

A Secretaria ou Secretario saínte levantará acta da Asemblea Extraordinaria, que asinará xunto co visto e prace da Presidenta ou Presidente saínte, así como tamén, para os efectos de cambios de titularidade nas contas bancarias da Asociación, a Secretaria ou Secretario saínte redactará unha certificación de Asemblea Xeral Extraordinaria.

### **Artigo 39. Ausencia de candidaturas.**

No suposto de que non se presentase ningunha candidatura á Asemblea Xeral poderase:

- a) Convocar novo proceso electoral para a próxima Asemblea Xeral nos mesmos termos.
- b) Acordar por unanimidade prolongar o mandato de goberno da actual Xunta Directiva durante 2 anos máis, sempre que a Presidenta ou Presidente e polo menos seis membros máis da mesma, acepten dito mandato. Neste caso será proclamada pola Asemblea Xeral como Xunta Directiva, continuando na posesión dos cargos como Órgano de Representación.

## **Título VII**

### **PROCEDEMENTO SANCIONADOR**

### **Artigo 40. Procedemento sancionador.**

A determinación das infraccións e a súa gravidade, as sancións e o procedemento son función da Xunta Directiva. Para a adopción de sancións tramitarase un expediente disciplinario, no cal a

asociada ou asociado ten dereito a ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra ela ou el, e a ser informada e informado dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado, no seu caso, o acordo que imponha a sanción.

#### **Artigo 41. Instrutora ou Instrutor do procedemento.**

A imposición de sancións ás socias e socios esixirá en calquera caso a incoación do correspondente expediente para o que se designará unha Instrutora ou un Instrutor nomeado pola Xunta Directiva elixido entre as socias e socios da Asociación.

No caso de tramitarse expediente contra un membro da Xunta Directiva este non poderá formar parte do proceso sancionador, debendo absterse de intervir e votar na reunión da Xunta Directiva que decida a resolución provisional do mesmo.

O Instrutor do procedemento disciplinario realizará as dilixencias previas que estime oportunas para obter a información necesaria sobre a comisión da infracción por parte da asociada ou asociado. Á vista desta información recollida, a Xunta Directiva poderá mandar archivar as actuacións si non hai certeza da realización da infracción, ou pola contra acordar a incoación de expediente disciplinario.

#### **Artigo 42. Incoación do expediente disciplinario.**

No caso de acordo de incoación do expediente disciplinario, a Secretaria ou Secretario pasará á interesada ou interesado un escrito no que se poñerá de manifesto os cargos que se lle imputan, aos que poderá contestar alegando na súa defensa o que estime oportuno no prazo de 7 días.

Transcorrido este tempo, tratarase o asunto na primeira sesión da Xunta Directiva, a cal acordará o que proceda, tendo en conta que o acordo debe ser adoptado por tres cuartas (3/4) partes dos seus membros. A resolución que se adopte terá carácter provisional e se lle enviará á interesada ou interesado. A asociada ou asociado poderá formular recurso ante a Asemblea Xeral nun prazo de quince días a contar dende o día seguinte a aquel no que reciba a resolución. De non formularse recurso no prazo indicado, a resolución será firme.

#### **Artigo 43. Resolución do expediente disciplinario.**

A Asemblea Xeral, adoptará a resolución que proceda en relación co expediente disciplinario ou sancionador; non poderá formar parte desta Asemblea Xeral a presunta ou presunto infractor, e a resolución que adopte a mesma deberá ser aprobada polas tres cuartas (3/4) partes dos membros da mesma. A identidade da presunta ou presunto infractor será anonimizada para dar cumprimento a LOPD. A Xunta Directiva establecerá a sanción correspondente en adecuada proporción coa gravidade da infracción cometida, que se lle comunicará á socia ou socio sancionado.

#### **Artigo 44. Clasificación das infraccións.**

As infraccións susceptibles de ser sancionadas clasifícanse en faltas leves, graves e moi graves e serán de aplicación no ámbito da celebración das distintas actividades relacionadas con ASAC Galicia.

#### **Artigo 45. Infraccións moi graves.**

Teñen a consideración de infraccións disciplinarias moi graves:

1. Todas aquelas actuacións que prexudiquen ou obstaculicen a consecución dos fins da Asociación, cando teñan consideración de moi graves.

2. O incumprimento ou as condutas contrarias aos Estatutos e Regulamentos da Asociación, cando se consideren como moi graves.
3. O incumprimento dos acordos validamente adoptados polos órganos da Asociación, cando se consideren moi graves.
4. Actuacións ofensivas que impidan a celebración de asembleas ou reunións da Xunta Directiva.
5. Participar, formular ou escribir, mediante calquera medio de comunicación social, noticias falsas ou manifestacións que prexudiquen de forma moi grave a imaxe da Asociación.
6. A usurpación ilexítima de atribucións ou competencias sen contar coa preceptiva autorización do órgano competente da entidade.
7. Agredir, ameazar ou insultar gravemente a calquera asociada ou asociado.
8. O quebrantamento de sancións impostas por falta grave ou moi grave.
9. A demora no pagamento das cotas de socia ou socio sen xustificación válida.
10. Todas as infraccións tipificadas como leves ou graves, cuxas consecuencias físicas, morais ou económicas, plenamente probadas, sexan consideradas como moi graves.
11. En xeral, as condutas contrarias a boa orde social, cando se consideren moi graves.

#### **Artigo 46. Infraccións graves.**

Son infraccións consideradas como graves:

1. O quebrantamento de sancións impostas por infraccións leves.
2. Participar, formular ou escribir mediante calquera medio de comunicación social, novas falsas ou opinións non veraces que prexudiquen de forma grave a imaxe da Asociación.
3. Todas as infraccións tipificadas como leves e cuxas consecuencias físicas, morais ou económicas, plenamente probadas, sexan consideradas graves.
4. A reiteración dunha falta leve.
5. O incumprimento ou as condutas contrarias aos Estatutos e Regulamentos da Asociación, cando se consideren como graves.
6. O incumprimento dos acordos validamente adoptados polos órganos da Asociación, cando teñan a consideración de grave.
7. En xeral, as condutas contrarias a boa orde social, cando se consideren como graves.

#### **Artigo 47. Infraccións leves.**

Considéranse infraccións disciplinarias leves:

1. Todas aquelas condutas que impidan o correcto desenvolvemento das actividades propias da Asociación, cando teñan a consideración de leve.
2. O maltrato dos bens da Asociación.
3. Toda conduta incorrecta nas relacións coas socias e cos socios.
4. O incumprimento ou as condutas contrarias aos Estatutos e Regulamentos da Asociación, cando se consideren como leves.
5. En xeral, as condutas contrarias á boa orde social, cando se consideren como leves.

#### **Artigo 48. Sancións para infraccións moi graves.**

As sancións susceptibles de aplicación pola realización de infraccións moi graves, serán a perda da condición de asociada ou asociado ou a suspensión temporal de tal condición durante un período máximo de 12 meses, ou unha medida correctiva reparadora da infracción, en adecuada proporción ao incumprimento cometido.

#### **Artigo 49. Sancións para infraccións graves.**

As infraccións graves, darán lugar á suspensión temporal da condición de asociada ou asociado durante un período de un mes a seis meses, ou unha medida correctiva reparadora da infracción, en adecuada proporción ao incumprimento cometido.

**Artigo 50. Sancións para infraccións leves.**

A realización de infraccións de carácter leve darán lugar, á amoestación, á suspensión temporal da asociada ou asociado por un período dun mes, ou unha medida correctiva reparadora da infracción, en proporción ao incumprimento cometido.

## **Título VIII**

### **DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

**Artigo 51. Regulamento de Réxime Interno.**

1. Poderá elaborarse un Regulamento de Réxime Interno que desenvolverá, completará e regulará estes Estatutos, sen que poida, en ningún caso contradicilos.
2. A aprobación do Regulamento de Réxime Interno, así como as súas modificacións e ampliación correrán a cargo da Xunta Directiva que decidirá respecto diso por voto unánime dos seus membros e informará das devanditas modificacións á Asemblea Xeral de socias e socios que deberá ratificar tales acordos.
3. O Regulamento de Réxime Interno conterá como mínimo o proceso electoral, o procedemento sancionador, o catálogo de infraccións e o correspondente catálogo de sancións.

## **Título IX**

### **DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS**

**Artigo 52. Requisitos da modificación.**

1. A proposta de modificación dos Estatutos deberá ser acordada pola Asemblea Xeral e esixe a concurrencia dos seguintes requisitos:
  - a) Que a Xunta Directiva ou, no seu caso, un número de socias ou socios non inferior á vixésima parte do total das socias ou socios de ASAC Galicia o soliciten, formulando para o efecto un informe escrito coa correspondente xustificación detallada.
  - b) Que se expresen na convocatoria, coa debida claridade, os extremos que deban modificarse.
  - c) Que no anuncio da convocatoria se faga constar o dereito que lles corresponde a todos as socias e socios de examinar o texto íntegro da proposta de modificación e do informe sobre esta.
2. As modificacións estatutarias deberán ser aprobadas pola Asemblea Xeral mediante maioría de dous terzos (2/3) dos votos presentes e representados e en sesión convocada exclusivamente para este efecto.

## **Título X**

### **DA DISOLUCIÓN DE ASAC GALICIA**

**Artigo 53. Causas de disolución.**

Serán causas de disolución de ASAC Galicia as previstas na normativa vixente.

**Artigo 54. Procedemento.**

1. A proposta de disolución poderá facela a Xunta Directiva mediante acordo tomado por maioría de dous terzos (2/3) da totalidade dos seus membros ou por un terzo (1/3) das socias e socios de ASAC Galicia. Neste último caso, a proposta cursarase a través da Xunta Directiva.
2. A disolución de ASAC Galicia só poderá ser acordada pola Asemblea Xeral en sesión extraordinaria exclusivamente convocada para este efecto e mediante o voto favorable de tres cuartas (3/4) partes dos votos presentes e representados.

**Artigo 55. Liquidación.**

1. Acordada a disolución, abrírase o período de liquidación que se levará a efecto por quen designe a Asemblea Xeral ou, na súa falta, pola Xunta Directiva.
2. Os remanentes que quedasen unha vez atendidas as obrigas pendentes destinaranse a calquera institución que teña por finalidade a docencia ou a investigación en altas capacidades e, na súa falta, de conformidade co establecido na normativa vixente.

**DISPOSICIÓN ADICIONAIS**

**DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA: DOS ESTATUTOS E REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO PREVIOS**

O actual texto conformado por 55 artigos organizados en 10 títulos desenvolve e actualiza os seguintes textos de ASAC Galicia:

- Estatutos de ASAC Galicia aprobados en Asemblea Xeral Ordinaria do 12 de novembro de 2011.
- Regulamento de Réxime Interno ratificado en Asemblea Xeral extraordinaria do 5 de setembro de 2020.

**DISPOSICIÓN FINAL: MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS**

Os Estatutos da Asociación de Altas Capacidades de Galicia (ASAC Galicia) que se envían para a súa inscrición no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, recollen todas as modificacións aprobadas na Asemblea Xeral Ordinaria, celebrada para ese efecto o día 22 de marzo de 2025, na sede de ASAC, na Rúa Tambre nº 17 baixo, 15705, Santiago de Compostela.

O Presidente  
Javier Ares Espiño

A Secretaria  
María de la O Gil Lago